

PROBAS DE ACCESO Á UNIVERSIDADE (ABAU)

CONVOCATORIA DE XULLO  
Curso 2018-2019

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

GREGO II  
(Cód. 32)

Consonte o programa vixente e os novos acordos adoptados, o labor de tradución e de coñecemento práctico da lingua grega considérase básico e non sustituíble por ningún outro labor de estudos literarios, lingüísticos, histórico-culturais, etc. En consecuencia, dos **DEZ (10)** puntos posibles reservaranse **SEIS (6)** para a cualificación da tradución; as respostas ao temario contribuirán á cualificación final cun máximo de **TRES (3)** puntos; a pregunta sobre a lectura de obras literarias cualificarase como máximo con **UN (1)** punto.

Na **TRADUCIÓN** consideraranse faltas os erros cometidos tanto na interpretación gramatical (morfoloxía e sintaxe) como na léxica (erro na consulta do dicionario). Valorarase positivamente a corrección e soltura sintáctica da tradución.

Nas **PREGUNTAS** valoraranse tanto os contidos —cantidade e calidade de coñecementos— como a forma en que son expostos: corrección e soltura léxica, sintáctica, ortográfica, etc.

Lémbrese tamén que en ningún caso será válido que o alumno traduza o texto dunha opción e responda as preguntas da outra opción.

É evidente que un exame en branco será cualificado con **CERO (0)** puntos.

Santiago, 10 de xullo de 2019

A coordinadora



María José García Blanco  
mariajose.garcia.blanco@usc.es  
Tfno. 881 811 885 - 620 568 292